



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO ÁS  
ACTUACIÓNS DE ALLEAMENTO DE MADEIRA EN DÚAS ZONAS DO MVMC “MOTAS E  
VISO”, EN LOBEIRA-OURENSE

**Expediente** 38-21  
**núm.:**  
**Solicitante** SERVIZO DE MONTES. XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DO MEDIO RURAL EN OURENSE  
**Promotor/a:** CMVMC DE MOTAS E VISO  
**Situación:** LUGARES DE LOBEIRA E MONTELONGO - LOBEIRA  
ALLEAMENTO DE MADEIRA EN DÚAS ZONAS DO MVMC “MOTAS E  
VISO”, EN LOBEIRA-OURENSE

ASUNTO

ANTECEDENTES

1. 25/04/2016 Ten entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Ourense, a solicitude de autorización remitida polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar para proxecto de ordenación forestal do MVMC Motas e Viso, en Lobeira.
2. 14/06/2016 A directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar as actuacións co cumprimento dunha serie de cautelas.
3. 23/11/2018 Recíbese no Rexistro unha nova solicitude co obxecto de realizar actuacións de alleamento de madeira en dúas zonas do MVMC “Motas e Viso”.
4. Consta no expediente o informe do arqueólogo do Servizo de Patrimonio Cultural, emitido o 28/11/2018.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É de aplicación na tramitación e resolución do expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:





- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).
  - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) (LPCG).
  - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150 do 06.08.1997; corrección de erros DOG núm. 213 do 04.11.1997)
  - Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
  - As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
2. A actuación para a que se solicita autorización sitúase no contorno de protección dos seguintes xacementos:

- GA32041027 Mámoa do Monte das Motas M 1 (Lobeira). Situada xusto no linde sur da área de alleamento meridional.
- GA32041028 Mámoa do Monte das Motas M 2 (Lobeira). Cortada por unha pista, o alleamento afecta á súa área de protección.
- GA32006043 Xacemento calcolítico de O Cargueixal (Bande). Trátase dunha dispersión de materiais cerámicos recollidos na pista forestal que serve de linde municipal entre Bande e Lobeira, xusto no linde oriental da zona de alleamento setentrional.

Todos estes xacementos teñen a consideración de bens integrantes do catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o artigo 30 da LPCG, ao estar incluídos no catálogo do Plan Básico Autonómico de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 39 da LPCG, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.
4. Segundo o artigo 45 da LPCG as intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:
- Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.





- As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara o espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.
- As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
- A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais.
- As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

As restantes intervencións no contorno de protección non necesitarán autorización previa ao outorgamento da licenza, ben que deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno.

5. Tense en conta o informe favorable do arqueólogo do Servizo do Patrimonio Cultural.
6. A xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural é competente para resolver o expediente segundo a Resolución do 19 de marzo de 2018, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 59 do 23.03.2018) e do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13 do 18.01.2013).
7. De acordo co artigo 12 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia, as competencias atribuídas á persoa responsable do Servizo de Coordinación da Área Cultural, tanto por carácter orixinario como por delegación, serán exercidas por suplencia polo xefe do Servizo de Patrimonio Cultural.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Autorizar o solicitado, co cumprimento das seguintes cautelas:

- Previamente ao inicio da tala de árbores os elementos de patrimonio cultural deberán balizarse con estacas de madeira e cinta de obra; cómpre aclarar que este balizado se refire a elementos patrimoniais tipo mámoa xa que o xacemento calcolítico é difícil de delimitar dada a natureza das súas evidencias. O dito balizamento deberá ser realizado por un arqueólogo que deberá remitirle a esta Xefatura Territorial certificación final de ter realizado o dito traballo.
- A corta das árbores situadas en túmulos será exclusivamente manual.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO

Xefatura Territorial  
Servizo de Patrimonio Cultural

Avda. da Habana, 79, 3  
32071 Ourense  
Tel.: 988 386 060  
Fax: 988 386 079  
patrimonio.cultura.ourense@xunta.gal

galicia

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Turismo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015) e co artigo 26.3c da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia .

O que se notifica en cumprimento e para os efectos do artigo 40 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Ourense,  
A directora xeral de Patrimonio Cultural  
P.D. Resolución do 19.03.2018 (DOG núm. 59 do 23.03.2018)  
A/o xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural  
P.S., o xefe do Servizo de Patrimonio Cultural  
Alfredo Seara Carballo  
(asinado dixitalmente)

